

## INFORMACIÓN A TER EN CONTA PARA FACER A RESERVA DE PRAZA NUN CICLO ORDINARIO E PARA PERSOAS ADULTAS. CURSO 2023-24

### 1.- Como se fai a solicitude? Do 23 de xuño ao 5 de xullo ás 13.00 h.

Debe facerse unicamente vía telemática na seguinte páxina: [www.edu.xunta.gal/fp](http://www.edu.xunta.gal/fp)

Ao entrar atoparedes un apartado: **admisión ciclos** e incluso hai un *vídeo de axuda*.

### 2.- Cantos ciclos podo solicitar?

Ata un **máximo de 5 ciclos formativos**, iguais ( pero en centros diferentes) ou distintos ( de distinta familia profesional).

IMPORTANTE: Non se poden pedir na mesma solicitude modalidades distintas ( ordinario, modular ou distancia), hai que facer unha solicitude para cada modalidade.

### 3.- Unha vez cuberta a solicitude ou solicitudes, que debo facer con ela?

Debes imprimila e saíranche 2 copias: 1 para o alumno/a e 1 para o centro.

Debes asinar as 2 copias e entregalas para que as **validen nun centro que imparta FP**. Se non a validas, non é correcto o procedemento. Pero si empregaches a Chave 365 ou un Certificado Electrónico non é necesario presentala nun centro.

### 4.- Cando saberei si me deron algún dos ciclos que solicitei?

O día **19 de xullo** publicarán na mesma páxina a **listaxe coa 1ª adxudicación**.

Pero non esquezas mirarte o **10 de xullo** para ver si apareces na listaxe provisional de solicitudes. *Ollo, esta listaxe só recolle os ciclos que solicitaches, non significa que teñas prazas. A importante é a do día 19.*

### 5.- Cando abre o prazo de matrícula? Do 19 ao 24 de xullo ás 13.00 h.

A matrícula xa se fai de xeito presencial, cubrindo un modelo no centro onde che admitiron.

Debes levar estes documentos:

\*DNI, pasaporte..( orixinal e fotocopia)      \* Tarxeta sanitaria ( orixinal e fotocopia)      \*2 fotografías carné.

\*Certificado académico dos estudos polos que accedes ( FPB, ESO, Bacharelato, Ciclo, Universidade, Bacharelato..)

\*Si es menor de 28 anos debes pagar **1,12€ de seguro escolar**. ( preguntar no centro polo número de conta bancaria onde hai que facer o ingreso).

**Dpto. De Información e Orientación Académica e Profesional**



Unión Europea  
Fondo Social Europeo  
O FSE inviste no teu futuro

CIFP COROSO  
Rúa dos Estudantes nº5, CP:15960, Ribeira, A Coruña  
Tfnos: 881866874/881866878 Fax: 881866885  
cifp.coroso@edu.xunta.es  
<http://www.edu.xunta.gal/centros/cifpcoroso/>

Páxina 1 de 1